

Sumario

EDITA:

CONCELLO DE BETANZOS
Delegación Municipal de Festexos

DESEÑO PORTADA:

Xosé Tomás

FOTOGRAFÍAS:

ARUME

IMPRIME E DESEÑA:

Lugami Artes Gráficas

COLABORADORES:

Juan María García Otero
Manuel Justo Vázquez Míguez
Eduardo Rivera León
Esther López Castro
Guadalupe Martínez Mosquera



CONCELLO
DE BETANZOS



Deputación
DA CORUÑA



GADIS

//ABANCA



Cidade de Betanzos: CONXUNTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO.

Decreto 3850/1970. FESTAS DE SAN ROQUE-OS CANEIROS:

DECLARADAS DE INTERÉS TURÍSTICO, SEGÚN RESOLUCIÓN DE 9/10/1980 (B.O.E. 18-12-80)





Saúdo da alcaldesa

Chegan as festas de agosto e con elas os días de celebración e reencontro con moitos dos nosos seres queridos. Unhas festas marcadas pola ausencia do noso símbolo, emblema e referencia como é o Globo de San Roque. Lamentablemente, como eu mesma expliquei en varias ocasións durante estas últimas semanas, intentamos evitar o que xa é inevitable, a ausencia do globo de papel máis grande do mundo, ata o último momento mais non foi posible.

Agora trátase de garantir que en 2024 volverá asucar os nosos ceos o Globo de San Roque, e con ese obxectivo e ilusión temos que seguir avanzando, para que o deste ano non volva producirse.

Mentres, convido a todos os betanceiros e betanceiras e a todas aquelas persoas que nos visitan estes días a que gocen do moito que ofrece Betanzos e as súas festas de agosto, porque si, estamos en festas como toda a vida, coas comitivas, os días 14 e 15, coas mellores orquestras, os concertos, os nosos Caneiros e unha infinidade de actividades culturais e deportivas dirixidas a todas as idades.

Quero facer unha mención especial ao pregoeiro, Javier Gándara, betanceiro universal que capitanea unha das compañías punteiras de aeroliñas como é EasyJet. Será un orgullo escoitar o pregón co que iniciaremos as festas o mesmo día que tamén, por primeira vez, se proclamará representante das festas a Rodrigo Campos Cupeiro. Parabéns a el e á representante infantil, Vega Ferreiro Gómez. Ambos os dous se inscribiron durante o proceso de elección de representantes aberto á cidadanía, un proceso que manteremos e convocaremos desde o Concello todos os anos para que todas as persoas que teñan interese en ser representante das festas e que cumpran os requisitos poidan optar a selo.

Tampouco quero pasar por alto neste saúdo a función do voto, unha tradición centenaria na que os betanceiros e betanceiras lle pedimos protección ao noso patrón San Roque. Será, como sempre, o día 16 de agosto na igrexa de San Domingos.

Só me resta pedirvos, unha vez máis, que gocedes intensamente das festas e todo o que temos por diante, das actuacións musicais e das mellores orquestras, ademais doutros eventos que estou segura que farán a delicia de todos e todas, durante uns días que, agardo que sexan diferentes, e nos que Betanzos sexa de novo referencia polas súas extraordinarias festas. Botaremos de menos o noso Globo mais ese día 16 todas e todos terémolo moi presente nos nosos pensamentos.

Felices festas

Maria Barral Varela



PAXES

2023



Mateo
Vázquez Varela



Noa
Ferreira López



Lucas
Molina Ríos



Martín
Vilariño Lodeiro



Sergio
Sanjuan Seijas



Nerea
Sánchez Nogueira

REPRESENTANTE E ACOMPAÑANTES DAS FESTAS DO SAN ROQUE 2023



RODRIGO
CAMPOS CUPEIRO



LUCÍA
ASENSI RODRÍGUEZ

Prezadas Betanceiras e Betanceiros e tamén visitantes:

Ser o primeiro representante na maxestuosa historia da nosa cidade é a maior satisfacción que pode ter un rapaz da miña idade.

Animo a todas as veciñas e veciños desta fermosa vila e á xente que a veña visitar que desfrute con entusiasmo e alegría.

Quero agradecerlle especialmente ao excelentísimo Concello de Betanzos a oportunidade que me da e facer tamén un eloxio ao magnífico traballo que están a realizar as personas que durante as festas me acompañarán.

Dexéxovos de todo corazón que pasedes unhas felices festas na compañía dos vosos seres queridos.



ROSALÍA
FRAGA
BARRAL



JAVIER
FERNÁNDEZ
CASANOVA



LUCÍA
CASAL
CASAL



HUGO
CARRO
CORTÉS



NOA
AMADO
SANJUAN



MARTÍN
PÉREZ
VÁZQUEZ




ANA
PORCAS
SUÁREZ



DANIEL
SÁNCHEZ
GÓMEZ



ANDREA
MALLO
RODRÍGUEZ



RODRIGO
LÓPEZ
SANTOS



PAULA
GERMADE
NAVEIRA



ALEX
ABAD
MOURÓN



PAULA
BOADO
FERREIRA



ALBERTO
SÁNCHEZ
PARDO



NADYA
FOLGUEIRA
FENTE



IVÁN
GARCÍA
SÁNCHEZ



SOL
ELICES
RUIZ



DANIEL
PENA
RIVEIRO



LUCÍA
PAZ
VARELA



LUCAS
CARRERA
GONZÁLEZ

REPRESENTANTE *infantil* E ACOMPAÑANTES DAS FESTAS DO SAN ROQUE 2023



VEGA
FERREÑO GÓMEZ



NICOLÁS
GOLPE OTERO

Estimados betanceiros e betanceiras:

Xa chegou a data!

É para min un orgullo ser a representante infantil das festas do San Roque deste ano.

Agardei con moita ilusión e impaciencia que chegase este día para poder comezar a festexar xunto cos meus amigos e amigas, polo que vos animo tamén a participar, colaborar e a que vivades estas festas coa mesma felicidade e alegría ca min e a miña comitiva.

Desexo que gocedes destas festas patronais tan significativas para nós como un regalo convertendo os pequenos momentos en extraordinarios xunto coas vosas familias e amigos.

Viva San Roque! Felices Festas!

Vega



EDURNE
FREIRE
VIQUEIRA



JAVIER
ILLOBRE
FERNÁNDEZ



CHLOE
DOPICO
RUIZ



ANXO
LAMEIRO
TOJEIRO



CARLOTA
COUCE
LATA



LUCAS
BOADO
GARCÍA



CELIA
MACEIRA
GONZÁLEZ



HUGO
QUINTIÁN
CUPEIRO



AROA
LÓPEZ
TEIJO



MARTÍN
IGLESIAS
DORRIO



CLAUDIA
QUINTIÁN
CUPEIRO



CARLOS
GARCÍA
VEIGA



EMMA
MOSQUERA
VARELA



MARCOS
MARTÍNEZ
ROEL



MARÍA
DAFONTE
JIMÉNEZ



ÁLVARO
EDREIRA
RILO



DANIELA
MODIA
BARRAL



ROQUE
IGLESIAS
GARCÍA



ALBA
VARELA
TAIBO



MARIO
VILLAR
LAGOA



AROA
MARTÍNEZ
SUÁREZ



HUGO
SÁNCHEZ
GONZÁLEZ

A X E N D A

C U L T U R A L

do mes de agosto 2023

As actividades seguintes son as programadas, aínda que pode haber modificacións de última hora.

EXPOSICIÓNS

Do 8 ao 31, terá lugar a exposición titulada “Paco Casal. Música sen fronteiras”, realizada polo músico Paco Casal coa colaboración do deseñador Luis Galán na Sala Jesús Núñez do edificio Arquivo. Horario de visitas de 10:00 h a 14:00 h e 19:00 h a 21:00 h de martes a venres e de 11:30 h a 14:00 h e de 19:00 h a 21:00 h os sábados. Organiza o Concello de Betanzos.

Ata o 31, terá lugar a **exposición titulada “Seoane Gráfico”** (Seoane, Bos Aires, 1910–1979, A Coruña), na Sala de exposicións temporais da Sede da Fundación CIEC, de martes a venres en horario de 10:00 h a 14:00 h e de 17:00 a 21:00 h.

ACTIVIDADES

Os días 1, 2, 3 e 4, desenvolverase o curso “**LibreOffice Writer**”, en horario de 10:00 h a 11:30 h. Levarase a cabo na Aula da CeMIT (Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica) do Concello situada na rúa Emilio Romay n.º 1. Para máis información e inscricións na propia aula. Organiza o Concello de Betanzos.

Martes 1, ás 17:30 h desenvolverase un “**Paseo turístico na Diana Cazadora**”, para un mínimo de 10 persoas, por orde de inscrición previa e compra do billete, con punto de saída no paseo da Tolerancia. Para máis información e inscricións na propia Oficina situada na praza de Galicia 1, no teléfono 981 776 666 e no enderezo electrónico turismo@betanzos.gal. Organiza o Concello de Betanzos.

Xoves 3, ás 17:30 h desenvolverase un “**Paseo turístico na Diana Cazadora**”, para un mínimo de 10 persoas, por orde de inscrición previa e compra do billete, con punto de saída no paseo da Tolerancia. Para máis información e inscricións na propia Oficina situada na praza de Galicia 1, no teléfono 981 776 666 e no enderezo electrónico turismo@betanzos.gal. Organiza o Concello de Betanzos.

Venres 4, ás 11:30 h desenvolverase a visita guiada “**Betanzos monumental**”, para un máximo de 35 persoas, con punto de reunión para a saída na Oficina de Turismo de Betanzos. Para máis información e inscricións na propia Oficina situada na praza de Galicia 1, no teléfono 981 776 666 e no enderezo electrónico turismo@betanzos.gal. É necesario inscribirse previamente. Organiza o Concello de Betanzos.

Sábado 5, desenvolverase o **Obradoiro de arqueoloxía (I): Oleiros do pasado**, en horario de 10:00 h a 14:00 h, no Museo das Mariñas destinado a maiores de 8 anos (os menores deberán vir acompañados dunha persoa adulta). Actividade de balde con prazas limitadas e é necesario a inscrición en museodasmarinas@betanzos.net. Organiza o Concello de Betanzos.

Luns 7, desenvolverase o taller **"Identidade electrónica: Cl@ve PIN, Certificado de Persoa Física e DNI Electrónico"**, en horario de 10:00 h a 11:30 h. Levarase a cabo na Aula da CeMIT (Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica) do Concello situada na rúa Emilio Romay n.º 1. Para máis información e inscricións na propia aula. Organiza o Concello de Betanzos.

Martes 8, desenvolverase o obradoiro **"Carpeta cidadá"**, en horario de 10:00 h a 11:30 h. Levarase a cabo na Aula da CeMIT (Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica) do Concello situada na rúa Emilio Romay n.º 1. Para máis información e inscricións na propia aula. Organiza o Concello de Betanzos.

Martes 8, ás 11:30 h desenvolverase un **"Paseo turístico na Diana Cazadora"**, para un mínimo de 10 persoas, por orde de inscrición previa e compra do billete, con punto de saída no paseo da Tolerancia. Para máis información e inscricións na propia Oficina situada na praza de Galicia 1, no teléfono 981 776 666 e no enderezo electrónico turismo@betanzos.gal. Organiza o Concello de Betanzos.

Martes 8, ás 20:00 h terá lugar o **acto de inauguración da exposición titulada "Paco Casal. Música sen fronteiras"**, realizada polo músico Paco Casal coa colaboración do deseñador Luis Galán na Sala Jesús Núñez do edificio Arquivo. Organiza o Concello de Betanzos.

Mércores 9, desenvolverase o curso **"Curso de drones, impresoras en 3D, gafas de realidade virtual e programación"**, en horario de 09:30 h a 13:30 h. Para persoas maiores de idade que desexen iniciarse con estas tecnoloxías. Levarase a cabo na Aula da CeMIT (Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica) do Concello situada na rúa Emilio Romay n.º 1. Para máis información e inscricións na propia aula. Organiza o Concello de Betanzos.

Xoves 10, desenvolverase o taller **"Bono dixital para colectivos vulnerables"**, en horario de 10:00 h a 11:30 h. Levarase a cabo na Aula da CeMIT (Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica) do Concello situada na rúa Emilio Romay n.º 1. Para máis información e inscricións na propia aula. Organiza o Concello de Betanzos.

Xoves 10, ás 11:30 h desenvolverase un **"Paseo turístico na Diana Cazadora"**, para un mínimo de 10 persoas, por orde de inscrición previa e compra do billete, con punto de saída no paseo da Tolerancia. Para máis información e inscricións na propia Oficina situada na praza de Galicia 1, no teléfono 981 776 666 e no enderezo electrónico turismo@betanzos.gal. Organiza o Concello de Betanzos.





Venres 11, ás 11:30 h desenvolverase a visita guiada **“Betanzos monumental”**, para un máximo de 35 persoas, con punto de reunión para a saída na Oficina de Turismo de Betanzos. Para máis información e inscricións na propia Oficina situada na praza de Galicia 1, no teléfono 981 776 666 e no enderezo electrónico turismo@betanzos.gal. É necesario inscribirse previamente. Organiza o Concello de Betanzos.

Sábado 12, desenvolverase o **Obradoiro de arqueoloxía (I): Oleiros do pasado**, en horario de 10:00 h a 14:00 h, no Museo das Mariñas destinado a maiores de 8 anos (os menores deberán vir acompañados dunha persoa adulta). Actividade de balde con prazas limitadas e é necesario a inscrición en museodasmarinas@betanzos.net. Organiza o Concello de Betanzos.

Entre o 14 e o 25
festas patronais

Domingo 20, desenvolverase o **Día de festa: Roteiro fotográfico**, en horario de 11:00 h a 13:30 h, no Museo das Mariñas e na praza dos Irmáns García Naveira destinado a público familiar (mínimo unha persoa adulta e unha crianza). Actividade de balde con prazas limitadas e é necesario a inscrición en museodasmarinas@betanzos.net. Organiza o Concello de Betanzos.

Domingo 27, terá lugar a actividade **Camiños: Rexistro en caderno de campo**, en horario de 11:00 h a 13:30 h, no Museo das Mariñas e casco histórico destinado a público familiar (mínimo unha persoa adulta e unha crianza). Actividade de balde con prazas limitadas e é necesario a inscrición en museodasmarinas@betanzos.net. Organiza o Concello de Betanzos.

Sábado 12, desenvolverase o **Obradoiro de arqueoloxía (II): Transformar – perforar**, en horario de 10:00 h a 14:00 h, no Museo das Mariñas destinado a maiores de 8 anos (os menores deberán vir acompañados dunha persoa adulta). Actividade de balde con prazas limitadas e é necesario a inscrición en museodasmarinas@betanzos.net. Organiza o Concello de Betanzos.

Domingo 13, ás 20:30 h, na igrexa de Santiago, terá lugar o **Concerto Cidade de Betanzos**, no que intervirán a Coral Polifónica de Betanzos e a Banda Municipal de Música do Concello de Betanzos. Organiza o Concello de Betanzos.



Martes 29, ás 17:30 h desenvolverase un **“Paseo turístico na Diana Cazadora”**, para un mínimo de 10 persoas, por orde de inscrición previa e compra do billete, con punto de saída no paseo da Tolerancia. Para máis información e inscricións na propia Oficina situada na praza de Galicia 1, no teléfono 981 776 666 e no enderezo electrónico turismo@betanzos.gal. Organiza o Concello de Betanzos.

Xoves 31, ás 17:30 h desenvolverase un **“Paseo turístico na Diana Cazadora”**, para un mínimo de 10 persoas, por orde de inscrición previa e compra do billete, con punto de saída no paseo da Tolerancia. Para máis información e inscricións na propia Oficina situada na praza de Galicia 1, no teléfono 981 776 666 e no enderezo electrónico turismo@betanzos.gal. Organiza o Concello de Betanzos.

EXPOSICIÓN



Música sen Fronteiras

Exposición realizada polo músico **Paco Casal**
coa colaboración do deseñador Luis Galán

Sala de Exposicións Jesús Nuñez
EDIFICIO ARQUIVO
do 8 ao 31 de agosto

Horario

de martes a venres: de 10:00 h a 14:00 h e de 19:00 h a 21:00 h
sábados: de 11:30 h a 14:00 h e de 19:00 h a 21:00 h



Sábado 12 de agosto
no Pavillón do Municipal do Carregal

**XXXVII Trofeo
San Roque
de Fútbol Sala**

21.00 h
Final de Consolación

22.00 h
GRAN FINAL



Concello de
Betanzos

BASKETBALL

13 Agosto

3x3 BETANZOS

@3X3BETANZOS



INSCRIBETE



Pabellón Municipal Betanzos

Competición Masculina • Femenina

7€ por jugador

Concurso de triples

Habrà muchos sorteos



A dark brown horse is captured in profile, running towards the left. The horse's mane and tail are slightly windswept. The background is a warm, golden-orange sunset sky with soft clouds. The overall mood is dynamic and energetic.

I Feira Cabalar de Betanzos

Domingo 13 de agosto
zona do Carregal

XIV Torneo



San Roque

Cidade de Betanzos

Domingo 13 de agosto de 2023

Às 16.00 h no Edificio do Matadoiro

**Torneo valedeiro para
Elo FIDE rápidas**

INSCRICIÓN:

E-mail: veiras8@hotmail.com

ou no teléfono

652 696 531

Patrocinan:



LUGAMI
Artes Gráficas



Colaboran:



CONCELLO DE
BETANZOS



Luns -14

Comezan as festas do San Roque 2023

12:00 h Badaladas e repenique de campás na torre municipal. Salva de vinte e unha bombas de ordenanza que indicará o inicio das festas patronais do San Roque 2023.

Nomeamento do representante das festas

20:15 h A comitiva sairá do edificio Arquivo. Formarán parte desta a Escola Municipal de Folclore e o Grupo Azogue, o grupo de gaitas Os Brigantinos, as Danzas Gremiais Xóvenes do Pobo con danzas de mariñeiros e labradores de maiores, nenas e nenos, o representante das festas e os seus e as súas acompañantes; o pregoeiro, que nesta ocasión será o betanceiro **JAVIER GÁNDARA MARTÍNEZ**, director xeral de EasyJet para o sur de Europa, presidente da Asociación de Líneas Aéreas (ALA) e recoñecido co premio "Enxeñeiro do ano 2023" polo colexio oficial de enxeñeiros aeronáuticos de España (COIAE), a corporación local escoltada pola garda da Policía Local e unha escuadra do rexemento de Betanzos, os alguacís seguidos de personalidades e a Banda Municipal de Música. O percorrido transcorrerá pola rúa Emilio Romay, a estrada de Castela, a Porta da Vila e a rúa do Castro ata chegar á praza da Constitución.

20:30 h Na praza da Constitución, a alcaldesa de Betanzos, María Barral Varela, nomeará ao representante das festas do San Roque 2023, o mozo betanceiro RODRIGO CAMPOS CUPEIRO. Logo terá lugar a lectura do pregón e, a continuación, a alcaldesa disparará o garelazo 2023 e liberaranse as pombas que simbolizan a paz e a liberdade. Unha vez rematado este acto, a alcaldesa e a corporación local ofreceranlle unha

San Roque 2023

recepción ao pregoeiro, ao representante das festas e aos seus e ás súas acompañantes na sala capitular da Casa do Concello. Tras finalizar a recepción, a comitiva sairá para percorrer de novo as rúas da cidade ata chegar ao edificio Arquivo.

Actuacións musicais

23:00 h Praza dos Irmáns García Naveira

Actuación do grupo **"Virtual Project"**. Esta banda seleccionou un repertorio diferente de cancións que van dende o rock nacional ao pop rock internacional dos anos 80/90, cheo de temas moi aclamados e cantados por voces femininas.

Actuación do grupo **"Aquellos Cantos Locos"**. Como o seu nome deixa ver trátase dun grupo tributo a **"El Canto Del Loco"** creado por músicos de contrastada traxectoria, seguidores dunha banda que decorou carpetas e encheu de pósters os cuartos de milleiros de persoas que se emocionaban con esas cancións que marcarían a banda sonora das súas vidas.

O principal obxectivo do grupo é o de revivir a maxia e o ambiente que se creaba nos concertos do lembrado cuarteto, repasando os maiores éxitos dos seus discos máis emblemáticos como "Zapatillas", "Personas", "Estados de Ánimo" ou "A Contracorriente".

Martes -15

Competicións deportivas

10:00 h Ciclismo
VII Trofeo Festas do San Roque de Ciclismo (zona do Pasatempo)

Continúa a tradición...

12:00 h Badaladas e repenique de campás na torre municipal. Salva de vinte e unha bombas de ordenanza.

Competición deportiva

18:00 h No estadio García Irmáns disputarase entre os equipos Betanzos C.F. e Deportivo Fabril a LIII Edición do Trofeo San Roque de Fútbol.

Nomeamento da representante infantil das festas

18:30 h Saída da comitiva da representante infantil das festas do edificio Arquivo. Formarán parte dela a Escola Municipal de Folclore e o Grupo Azogue, o grupo de gaitas Os Brigantinos, as Danzas Gremiais Xóvenes do Pobo con danzas de mariñeiros e labradores, de maiores, nenas e nenos, a representante infantil das festas, os e as acompañantes desta, a pregoeira, que nesta ocasión será a moza betanceira **MARÍA DANS PENA**, a corporación local escoltada pola garda da Policía Local, unha escuadra do rexemento de Betanzos e os alguacís seguidos de personalidades, así como a Banda Municipal de Música. O percorrido transcorrerá pola rúa Emilio Romay, a estrada de Castela, a Porta da Vila, a rúa do Castro e a praza da Constitución.

San Roque

2023

18:45 h A alcaldesa, María Barral Varela, nomeará á representante infantil das festas do San Roque 2023, a nena betanceira **VEGA FERREÑO GÓMEZ**. Deseguida, terá lugar a lectura do pregón infantil das festas. Posteriormente, na sala capitular da Casa do Concello, a alcaldesa e a corporación local ofrecerán unha recepción á pregoeira infantil, á representante infantil das festas e aos e ás acompañantes desta.

Acto relixioso

19:25 h Saída da corporación local. As autoridades e as persoas convidadas, acompañadas pola Banda Municipal de Música, dirixiranse á igrexa de Santa María do Azogue, copatroa da cidade, onde terá lugar unha misa solemne cantada pola **Coral Polifónica de Betanzos**. Tras finalizar a misa, a comitiva de grupos folclóricos acudirá en procesión cara á igrexa de San Domingos e portará a imaxe de Santa María. Logo, a comitiva volverá de novo á Casa do Concello.

Verbena popular

23:00 h Actuación na praza dos Irmáns García Naveira da orquestra:

PARÍS DE NOIA

VII TROFEO FESTAS DO SAN ROQUE

Martes 15 de Agosto

10:00 horas

Zona del Pasatiempo



CIRCUITO GALLEGO DE ESCUELAS

CATEGORIAS:

BENJAMIN, PRINCIPIANTE, ALEVIN,
INFANTIL, CADETE Y
FEMINAS JUNIOR

Organiza:
Club Ciclista Betanzos

Colabora:
Exmo. Ayuntamiento
de Betanzos



pautobetanzos.com



Mércores 16

San Roque 2023

12:00 h Badaladas e repenique de campás na torre municipal. Salva de vinte e unha bombas de ordenanza.

Acto relixioso

19:00 h Concentración de conxuntos musicais e artísticos na praza da Constitución para participar no desfile da Función do Voto, que terá lugar na igrexa de San Domingos. A misa solemne será de novo cantada pola **Coral Polifónica de Betanzos**. A comitiva oficial, presidida pola alcaldesa, partirá da Casa do Concello e formarán parte dela a corporación local, o representante das festas e os seus e as súas acompañantes, a representante infantil das festas e os seus e as súas acompañantes, unha escuadra do rexemento de Betanzos, a Policía Local, maceiros e alguacís, a Banda Municipal de Música de Betanzos, a Escola Municipal de Folclore e o Grupo Azogue con danzas de xastres e zapateiros, o grupo de gaitas Os Brigantinos, mómáros e cabezudos, así como as Danzas Gremiais Xóvenes do Pobo con danzas de mariñeiros e labradores de maiores e nenas e nenos. O percorrido terá lugar pola rúa do Castro, a Porta da Vila e a praza dos Irmáns García Naveira ata chegar á igrexa de San Domingos. Ao remate do acto litúrxico, retornarán á praza da Constitución, onde cada agrupación musical e folclórica ofrecerá un tema do seu repertorio.

Verbena popular

22:30 h Actuación musical na Praza dos Irmáns García Naveira a cargo das orquestras

TRÉBOL e FUEGO

00:00 h Sesión de fogos artificiais en honra a San Roque . Unha vez rematada ésta continuará a verbena para celebrar a noite do patrón das festas de Betanzos.



Xoves 17

San Roque 2023

Actuación musical

22:30 h Actuación na praza dos Irmáns García Naveira do grupo





Venres 18

San Roque 2023

I xira fluvial aos Caneiros

Inicio da romaría

12:00 h Salva de vinte e unha bombas de ordenanza. Comezo dos embarques no peirao do Paseo da Tolerancia. A **Charanga NBA** e a **Charanga DGT** animarán as romeiras e romeiros. No Campo dos Caneiros haberá animación musical a cargo de **Dj Sebas** e tamén estará a propia **Charanga NBA** para que a festa sexa completa.

17:00 h Saída da embarcación municipal cara ao Campo dos Caneiros co representante das festas e os seus e as súas acompañantes, así como representantes da Corporación local e personalidades convidadas.

23:00 h Ao regreso dos Caneiros haberá unha sesión de fogos pirotécnicos de carácter tanto acuático como aéreo na Ponte Vella.

Verbena popular

23:30 h Rematou a romaría mais a festa continúa. A orquestra encargada de amenizar o resto da noite na praza dos Irmáns García Naveira será:

MARBELLA



Sábado 19

San Roque 2023

Competición deportiva

18:00 h No do estadio do Carregal disputarase o XIX Torneo de Veteranos de Betanzos entre os equipos Brigantium Veteranos, Betanzos - Norte e Piadela.

Actuacións musical

22:30 h Na praza dos Irmáns García Naveira, para quencer motores e telonear ao artista principal da noite, facendo un tributo ao mítico e xa desaparecido Antonio Flores, acompañado no escenario por un músico que formaba parte da banda orixinal deste, cun espectáculo denominado "7 vidas"

DANI ROYO

23:30 h Trinta anos despois de que este artista gravara o seu primeiro disco pouco queda de aquel rapaz espigado que posaba nas fotos con aspecto de arrogante e perigoso rocker. Agora adoita vestir con coidada elegancia e mima os detalles. Agora xa non é ningunha promesa. É unha das maiores lendas do rock español. Coñece á perfección a historia do rock e das rock and roll star porque forma parte delas.

Se empezamos a dar os títulos dos seus éxitos todos descubriremos pronto de quen se trata. Cadillac Solitario, Rock and Roll Star, Feo, fuerte y formal, La mala reputación, Rompeolas... e tantos outros.

"Siempre quise ir a L.A., dejar un día esta ciudad, cruzar el mar en tu compañía". Por suposto que si.

Este ano en Betanzos

LOQUILLO



DIA 20 DE AGOSTO
DESDE LAS 10:00

XXIII CARRERA POPULAR DE BETANZOS



BETANZOS
cerca



Domingo 20

San Roque 2023

Competicións deportiva

- 10:00 h** XXIII Carreira Popular de Betanzos con saída e meta na praza da Constitución.
- 11:00 h** No campo de fútbol do Carregal terá lugar o III aberto de billarda Concello de Betanzos
- 18:00 h** No estadio García Irmáns, disputarase entre os equipos Betanzos C.F. e AD Miño o XI Trofeo Cidade de Betanzos de Fútbol.
- 19:00 h** No Paseo da Tolerancia terá lugar a tradicional cucaña betanceira.

Actuación musical

- 22:00 h** Na praza dos Irmáns García Naveira despois de varios anos sen pasar pola nosa cidade teremos con nós a

SUSANA SEIVANE

COLABORA

GADIS

BILLARDA 22/23

ABERTO DE **SAN ROQUE**


CAMPO DE FÚTBOL DO CARREGAL

20 DE AGOSTO 11:00 H

BETANZOS



3 CUCAÑA BETANZEIRA



19:00 PASEO TOLERANCIA
20 DE AGOSTO

BETANZOS
cerca





DANZA GREMIAL DOS XASTRES

Luns 21

San Roque 2023

11:00 h Xornada de exhibición e portas abertas do Club Kang Betanzos no Pavillón Municipal do Carregal.

Actuación musical

21:30 h É a quenda da música para toda a familia. Na praza dos irmáns García Naveira terá lugar un espectáculo que fará desfrutar como nunca aos máis pequenos e pequenas da casa e por extensión tamén a aqueles papás, mamás, avós, avoas tíos ou tías que os acompañen. En Betanzos para todos vós o formato orixinal do musical de



COLABORA

GADIS



XORNADAS DE PORTAS ABERTAS DE PIRAGUISMO - CONCELLO DE BETANZOS FESTAS DE SAN ROQUE



COLABORA:
Club Ría de Betanzos



22 DE AGOSTO
HORA: 10.30 – 12.00
12.00 – 13.30
PRAZAS LIMITADAS
IDADES 7- 14 ANOS



Martes 22

San Roque 2023

10:30 h Xornada de portas abertas de piragüismo Concello de Betanzos para rapaces e rapazas de 7 a 14 anos.

18:00 h Xornada de prezos reducidos nas atraccións da praza dos Irmáns García Naveira. O Concello de Betanzos, en colaboración coas atraccións das festas e para o goce de todas as nenas e os nenos, pon á súa disposición as diferentes atraccións a un prezo máis económico do habitual.

Actuación musical

22:00 h Na praza dos Irmáns García Naveira desfrutaremos dun acontecemento especial. Con motivo do centenario, neste ano 2023, dunha das institucións máis prestixiosas da nosa cidade, **Pai Menni**, neste día das festas patronais o Concello de Betanzos programou unha verbena de convivencia e integración entre os usuarios e usuarias desta institución e as súas familias coa veciñanza betanceira. Parabéns ao Pai Menni polo seu aniversario e polo gran labor social que desenvolve. Animará esta xornada a orquestra

UNIÓN Y FUERZA

COLABORA

GADIS

A photograph of two young children sitting on a large, colorful inflatable structure. The child on the left is a boy with curly hair wearing a light yellow t-shirt and shorts. The child on the right is a girl with blonde hair in a ponytail wearing a white sleeveless top and a pink skirt. They are both looking towards the camera. The structure is made of bright blue, red, and yellow sections.

Festas infantís

23 e 24 de agosto de 2023

Ás 17:00 h no Pasatempo
en caso de mal tempo ou choiva
pistas cubertas do Carregal



CONCELLO DE
BETANZOS

COLABORA

GADIS

Mércores 23

San Roque 2023

17:00 h Festa infantil no auditorio do Pasatempo con inchables por conta da empresa Galiocio.
En caso de mal tempo ou choiva esta festa terá lugar nas pistas anexas ao polideportivo municipal.

COLABORA

GADIS

Actuación musical

22:00 h Na praza da Constitución amenizará a velada un grupo especial. Eles mesmos se definen como unha banda de rock&soul, un estilo que definen deste xeito dado que fusionan a música rock coa parte vocal do soul. Trátase de BROKEN PEACH

BROKEN PEACH





DANZA GREMIAL DOS ZAPATEIROS

Xoves 24

San Roque 2023

Día de San Paio. Conxuntos de gaitas na romaría de Tiobre.

17:00 h Segunda xornada da festa infantil no auditorio do Pasatempo con inchables por conta da empresa Galiocio. Se as condicións climáticas o permiten, esta xornada rematará coa tradicional festa da escuma. Vinde preparados/as! En caso de mal tempo ou choiva, esta festa terá lugar nas pistas anexas ao polideportivo municipal.

COLABORA


GADIS

Actuación musical

22:00 h De novo na praza da Constitución terá lugar a actuación do grupo

VERSIONETTES

Coa interpretación de grandes éxitos en inglés e en español esta banda garantizada a diversión dos asistentes.



Venres 25

San Roque 2023

II xira fluvial aos Caneiros

Comeza a romaría

12:00 h Salva de vinte e unha bombas de ordenanza. Comezo dos embarques no peirao do Paseo da Tolerancia. A **Charanga NBA** e a **Charanga DGT** animarán as romeiras e romeiros. No Campo dos Caneiros haberá animación musical a cargo de **Dj Sebas** e tamén estará a propia **Charanga NBA** para que a festa sexa completa.

17:00 h Saída da embarcación municipal cara ao Campo dos Caneiros con representantes das diferentes asociacións betanceiras.

23:00 h Ao regreso dos Caneiros, será ofrecida na Ponte Vella unha sesión de fogos pirotécnicos de carácter tanto acuático como aéreo.

Actuación musical

23:30 h Rematou a romaría, mais a festa continúa. A orquestra encargada de amenizar o resto da noite na praza dos Irmáns García Naveira será:

GALILEA

San Roque 2023

15
Martes



16
Miércoles



17
Xoves



Calendario de Orquestras



18
Venres



22
Martes



25
Venres

Colaboradores especiais



GADIS

ESTRELLA GALICIA

MANUEL REY

TALLERES MANDEO

COCA-COLA

REPAMAQ

SUMINISTROS MEDINA SL

TOJEIRO TRANSPORTES

TIN

BETANZOS HB

VÍA-MAR